ASOCIACION ESCOLAR DE INICIACION CULTURAL

VIGO 10 DE Junio DE 1930.

Sr. D. Ramón Otero Pedrayo.

Ourense.

Distinto mestre:

O fato de nenos que compón esta sociedade cultural, vos envia un fondo saúdo de seu e a adhesion mais fervente ao homaxe que mañán farán á vosa persoa.

Nós somos un ente asociacional constituido pra os fins seguintes: a/ espallar a cultura xéral; b/ valorizar as aitividás dos asociados; etc. Pra a execución d'eses fins temos, no prelo ou xa en funzós, o seguinte: 1º Formazón de: a/ unha Bibrioteca, b/ un incipiente Museo escolar: a primeira dividida en seiciós: Cencias exaitas, físico-químicas, naturás e apricadas; Xeografía; Historia; Cencias sociaes e Dereito; Filologia etc.; e o segundo constituido, pol-os exemprares de especies naturás (mineraes, animaes, prantas etc.) recollidos polós socios, algús aparellos de Física, fabricados por eles, así como outros de Químeca e corpos químecos etc. 2º Certames científicos, literarios, artístecos nos que os socios presentan traballos ~~xa~~ d'estudo, xa d'investigazón ou observación; estes certames, anuales.

3º Edizón manuscrita (a falla de outros meios mais axeitados a este fin) de obras científicas etc. e un boleto gratuito.

4º Seizón «galeguista» coa sua Bibrioteca, Certames etc. dividiva ~~en~~ n'outras seizós de: Arte galego, Literatura etc.

F. PENZOL

a cada socio que vai veranear âs aldeas, encarregalle ista seizón, unha misión de folk-lore etc.

Tudo isto dirixido por un Secretario Xéral, axudado por dous ou tres membros, todos eles elexidos pola asociación. Tamen hai unha Caixa Económeca, pra recoller os donativos variables e voluntarios, da que a asociación saca os meios da sua esistenza. Todol-os socios son estudantes do Bachillerato e escollidos antre os máis adiantados das clases. O noso primeiro acto de goberno esterior foi o envio da sua adhesión âs Irmandades galegas axuntadas na sua derradeira Asambreia.

Despois de tudo o devandito xa pode faguerse unha idea d'ista asociación; e despois de conecida, nos atrevemos a lles pedir a Vde. ô Risco ô Vilar Ponte e todol'os demais mêstres da nosa Terra a sua axuda espritual, pois quiséramos faguer unha Sociedade non local coma ista —que inda nonchega a selo pois é do Liceo namais— senón, unha Asociación que acollese a todol-os nenos galegos de todol'os Liceos, cas suas bases na Cultura e no Galeguismo.

De Vdes. s. s. q. b. s. m.

XAIME ISLA COUTO

Segredario Xéral da

A. E. I. C.

F. PENZOL